

CÓXEGAS




**Caixas de investigación e creación, como experiencia
estética e emocional de acompañamento lingüístico**



2 Introducción

“ Sen poética, a vida humana carece de inspiración e profundidade, e, no último termo, carece de sentido.
Sen estética, a vida humana carece de benestar e ledicia, e como moito se vive no ruidoso intento de
entretemento”

(Maturana)



Cóxegas como legado da infancia. Cóxegas ante as novidades, as sorpresas... cóxegas da motivación ante retos, nos descubrimentos, ante a beleza, cóxegas cando creas, cando acadas o que intentas, cando erras e che dan a oportunidade de volvelo intentar, cóxegas do xogo compartido, cóxegas das ideas que se multiplican, cóxegas ao aprender palabras novas. Cóxegas ante o inesperado. Cóxegas que habitan como tesouros dentro das nosas caixas de investigación e creación.

O título que encabeza este documento recolle a esencia do proxecto que presentamos. Trátase da busca de recursos que implique unha alternativa para intentar frear a desgaleguización que medra a pasos axigantados no noso contexto e que actualmente se traduce nunha situación de diglosia nun contorno que vai perdendo, tristemente, día a día, o apelido de galegofalante. Recursos que conecten coa cultura da infancia, que respondan ás necesidades auténticas dos nenos e das nenas e impliquen a toda a comunidade. Recursos que nos fagan CÓXEGAS de emoción, de asombro, de gozo, de sentirse vivo/a nos distintos procesos de aprendizaxe.



“CÓXEGAS”

Unha alternativa que lle dea a oportunidade á nosa comunidade educativa de sentir e experimentar como pode adquirir infinidade de coñecementos a través de materiais coidadosamente deseñados e escollidos en galego. Como en galego podemos petar na porta de todo tipo de saberes (gastronómicos, tecnolóxicos, científicos...). Unha alternativa que fale en galego e coa que a nosa lingua sexa a chave para outras linguas e culturas. Unha alternativa de investigación e creación en galego.



Trátase dunha aposta pedagóxica encadrada no proceso de transformación no que se atopa a nosa escola actualmente. Esta implica facer distintos cambios na nosa práctica profesional, froito dunha continua e profunda reflexión. A innovación para nós é precisamente isto, reflexionar e introducir cambios que poidan darlles unha resposta máis axeitada ás necesidades detectadas. Innovación como sinónimo de compromiso coa transformación e co deseño de novas alternativas. Na nosa escola non se utilizan libros de texto, así que é necesario deseñar recursos constantemente, e nestas caixas atópase un recurso de calidade polo seu deseño conectado coa nosa realidade e coas necesidades reais.

Aquí entra en xogo o acompañamento e a dinamización lingüística, a busca de recursos en galego e portugués para darlle a unha comunidade educativa a oportunidade, a través de diversas experiencias estéticas, de poder sentir, gozar deles dentro dun universo creativo de desenvolvemento persoal e social. Polo tanto, cando falamos de “caixas de investigación e creación” falamos, por unha banda, dunha



aposta de aprendizaxe ampla e, por outra banda, da creación duns obxectos emocionalmente significativos nos que a adquisición de distintos coñecementos vai da man dun acompañamento lingüístico sensible, de vangarda e lúdico.

Buscamos a creación duns recursos conectados á cultura da infancia, cunha alta dose estética e de conexión emocional para que sexan potencialmente moi significativos á hora de falar dunha aprendizaxe existencial, do ser e do estar, e que



liguen o uso da nosa lingua a experiencias cheas de sensibilidade, motivación, descubrimento... Polo tanto, non son simplemente unhas caixas de almacenaxe cheas de actividades, que se abren e pechan sen máis. Trátase de caixas que apostan pola investigación do “eu”, do “ti”, do “nós” e do mundo que habitamos e desexamos habitar transformándoo. Non son simples contedores de diversos materiais desaparellados, son caixas de investigación e creación que dotarán o alumnado de ferramentas precisamente para esta transformación persoal e social, traducida en autonomía, identidade e toma de decisións dende o espírito crítico: ferramentas persoais, sociais, lingüísticas... Son caixas inspiradas na propia cultura da infancia e por iso sabemos que serán emocionalmente significativas: de investigación, de tesouros, de coleccións, de relatos..., caixas cheas de



creacións feitas coas cóxegas dos coñecementos que van formando parte do noso universo colectivo e individual.

O deseño de caixas e a súa inclusión na nosa forma de entender a infancia e a vida (indo máis alá dunha metodoloxía) intentará darlles resposta ás seguintes necesidades:

- micro: radiografías persoais de cada neno/a.
- macro: por etapa evolutiva.
- pasaportes culturais: recursos de participación na vida cultural próxima e como apertura a outras máis distantes. Pasaportes lingüísticos.





- Os recursos teñen que estar conectados cos distintos ambientes de aprendizaxe que estamos montando (espazos preparados con distintas identidades baixo o prisma de globalización: Palabras, Natureza, *Atelier*, Xeografía, Danza, Costura, Espellos...). Estes deben ter materiais de calidade e cunha presentación que permita falar de experiencias estéticas e emocionais significativas, xa que para nós esta é a base da aprendizaxe.

- Cando nos embarcamos neste proxecto, revisamos as crenzas que temos sobre a nosa concepción da aprendizaxe, a investigación, os procesos creativos, o acompañamento lingüístico...
- Unha das nosas grandes dificultades é a escaseza de recursos en galego para incluír nelas.
- Por que caixas de investigación e de creación? Para nós investigar é:

- Tratar de ampliar os límites do coñecemento, intentar descubrir o oculto, navegar na incerteza a través dunha constante posta en cuestión, satisfacer curiosidades propias e comúns nas distintas etapas do desenvolvemento, valorando as continuas “serendipias”, bifurcacións... É a busca de respostas que espertan outras interrogantes.



Investigar como acto de rebeldía intelectual ante o que se considera certeza, desenvolvendo un pensamento crítico, con opinión propia, pensamento autónomo, adquirindo recursos e ferramentas para ser quen de resolver problemas individualmente e en equipo. Investigar para unha cidadanía crítica, activa e transformadora, tomando consciencia da responsabilidade dende o rol persoal e da necesidade da cooperación.

“CÓXEGAS”



- Para coñecer o “eu” e construír a propia identidade, identificando potencialidades e debilidades, coñecendo o “ti”, para construír o “nós”. Quen son eu? Que necesito eu? Quen son os/as que me rodean? Que necesitan os/as que me rodean? Que necesito para entendelos/as e entender o mundo no que vivimos xuntos/as?, é dicir, as grandes cuestións que sempre formulou a humanidade desde a filosofía, a ciencia... Investigación profunda e construción do “eu” e do “ti”: o corpo, a mente, a conexión entre os dous... (coñecemento científico e do ámbito das experiencias: hábitos de saúde, xestión de emocións...).



- Para coñecer o mundo que nos rodea desde o “nós”: social, cultural, natural... e adquirir estratexias para traballar nel de xeito transformador e cooperativo. Investigar para habitar o mundo que desexamos. Investigar para adquirir instrumentos de creación, con todas as linguaxes presentes, tal e como indica Malaguzzi. Investigar usando distintas fontes de información e aproveitamento dos recursos do contorno (materiais, humanos, TIC...). Investigar como experiencia estética desde unha mirada artística.

- Investigar cun alto compoñente lúdico, seguindo a Einstein cando afirma: “Xogar é o xeito máis elevado de investigar”.

- Para ferramentas lingüísticas, partindo do galego como lingua propia, e valorando a a lingua como identidade e chave de acceso a outras linguas e culturas.





Investigar e crear van da man, por iso decidimos apostar por estas dúas accións: creacións espontáneas, creación cos descubrimentos das investigacións, invitacións para crear, crear discursos orais sobre as experiencias vividas... Podemos falar da fusión da investigación no infinito mar do coñecemento, da creación e o acompañamento lingüístico en galego que ofrece este recurso.

Debemos falar dun feito salientable: algunhas das caixas que estamos utilizando para crear este recurso de investigación foron deseñadas pola UAD de Ribeira (unidade de atención de persoas con problemas de drogas). Comentámoslles ás persoas que a integran que estabamos a realizar



este proxecto e con grande ilusión fabricaron no seu obradoiro ocupacional distintas caixas para que nós as “tuneemos” de acordo cos temas que estamos tratando. Pensamos que é fundamental abrir todos os proxectos á contorna, aproveitando todo o seu potencial e facendo partícipe toda a comunidade. O alumnado é coñecedor da procedencia destas caixas e valóroa.

Hai varios anos que estamos viaxando por distintas escolas (Italia, Suíza, Ecuador, Inglaterra, Finlandia...), na procura de fontes de inspiración para intentarmos construír unha escola fiel ao noso ideario. Unha das escolas visitadas foi Dels Encants (Barcelona). Realizamos varias visitas e actualmente mantemos contacto para o intercambio de ideas, materiais etc. Nesta escola traballan coas caixas na comunidade de maiores, confiando no seu potencial. Pareceunos un recurso tremendamente interesante, tanto para a adquisición de distintos coñecementos como para ser aliadas no noso acompañamento lingüístico, e decidimos introducilas no noso Proxecto educativo e adaptalas á nosa realidade. En Dels Encants son utilizadas só na comunidade de maiores (de 4.º a 6.º), pero nós decidimos darlles cobertura a todas as comunidades e sumar tamén as familias. Para darmos este paso tivemos que crear toda unha estrutura reflexionada. Ademais de falar de caixas de investigación, nós decidimos falar de investigación e creación,



xa que son dúas accións que desexamos situar dentro dunha cultura da infancia. Este foi un punto inicial de inspiración pero fomos sumando outras experiencias que lle deron identidade propia dentro dunha estrutura de deseño propio e uso ideada na nosa escola.

Nunha primeira fase experimental (no curso pasado), probamos e analizamos a experiencia con varias caixas. A valoración foi moi positiva, de modo que agora estamos nunha fase estrutural para crear todo un sistema maduro de asentamento cunha proxección plurianual.



Tamén é importante reflectir o interese que mostra por estas caixas o alumnado de prácticas de Maxisterio e as persoas acompañantes (servizo de voluntariado da nosa escola). De feito, algunhas das presentadas neste proxecto son froito dos períodos de titoría de prácticas (Luna, Lucía, Isabel, Cinthya, Anabel e Carmela). Este tamén é un motor de motivación para crear máis recursos nesta liña e presentarlle unha fundamentación. Cómpre dicir que cada curso se suma máis alumnado en prácticas: entre o pasado e este foron sobre 20 persoas. Nós facemos sesións de formación que inclúen debates. Atopámonos con numerosos casos onde non se reflexiona sobre as cuestións lingüísticas, estas non son foco de atención nas facultades. Polo tanto, como centro receptor de alumnado en prácticas sentímonos responsables tamén deste ámbito, e a través da presentación, reflexión, creación... de caixas de investigación, cremos que colaboramos tamén cunha caixa de ferramentas para o seu futuro profesional. O profesorado universitario, tras coñecer esta experiencia a través deles/as, tamén mostra moito interese por estas caixas.




Ao longo deste documento teremos a oportunidade de visualizar distintas imaxes, tanto de caixas de investigación e creación, como de escenas onde os/as nenos/as están investigando e creando.





2.1 Situación sociolingüística

A nosa escola está situada en Aguiño (Ribeira). A actividade económica, cultural... está intimamente ligada ao mar. Debemos sinalar que, a pesar de que Aguiño é unha parroquia dentro de Ribeira, presenta unha identidade lingüística propia, e o contorno



máis inmediato do noso alumnado é galegofalante. A medida que avanza os anos, observamos unha galopante desgaleguización no noso contorno traducida en feitos como os seguintes, que serán o noso punto de partida para intentar mellorar esta situación a través da inclusión de recursos como estas caixas, para toda a comunidade educativa.

- Cada curso o número de nenos/as que empezan en educación infantil falando en galego é menor.
- Alumnado que entrou falando en galego, agora coa escolarización do segundo/a irmán/á observamos que fala en castelán.
- A medida que avanza os cursos os/as, nenos e nenas que falan en galego mudan cara ao castelán (cada vez en idades máis temperás).
- Alumnado que fala en galego muda cara ao castelán cando está con outro/a neno/a que non fala en galego (a situación inversa non adoita darse).
- Familias nas que os pais falan en galego entre eles fálalles en castelán aos fillos/as.
- Alumnado que estivo no colexio e falaba en galego, agora é pai/nai e lle fálalles en castelán aos nenos/as.
- Alumnado que falaba en galego en primaria cando chega ao instituto fala en castelán.



- Dos datos recollidos nas enquisas entre as familias sinalaremos que, a pesar de que hai uso xeneralizado do galego, non se conta coa valoración desexada, o que abre a porta ao abandono deste (prexuízos...).
- A proximidade de contornas castelanfalantes, como a da vila de Ribeira, fai que os rapaces e rapazas muden de rexistro posto que é un escenario continuo de uso do comercio, de uso de servizos comunitarios.
- Debemos sinalar tamén a influencia dos medios de comunicación e das TIC en xeral. Salienta o feito de que alumnado galegofalante muda ao castelán cando utiliza as redes sociais.
- Nos rexistros de datos lingüísticos que facemos nas saídas ponse de manifesto a ausencia do galego en moitos contextos.
- Os prexuízos que envolven a lingua portuguesa traducidos en rexeitamentos e discriminacións.
- Na nosa escola non se traballa con libros de texto. As dificultades do profesorado para atopar material en galego son unha constante.

3 Obxectivos

Os obxectivos que imos presentar responden a distintos graos de consecución atendendo ao noso Proxecto educativo e aos documentos que o compoñen, especialmente o Proxecto lingüístico de centro. Hai que indicar que o deseño e uso das caixas forma parte da PXA, polo potencial observado.

Polo tanto, os obxectivos son de inicio, avance, consolidación ou ampliación e están encamiñados, por unha banda, ao deseño dunha estrutura vertical de introdución das caixas dentro da nosa práctica educativa para que sexan experiencias significativas e, pola outra, a unha estrutura horizontal para a creación de caixas como recursos de adquisición de distintos coñecementos, logo de consensuar unhas características acordes coas necesidades auténticas da comunidade educativa, nunha aposta por este recurso como un acompañamento lingüístico nos distintos procesos de investigación:

Cara:



Ao Proxecto educativo e á transformación da nosa escola:

- Introducir melloras na nosa actividade profesional.
- Crear unha estrutura vertical de introdución (conexión cos ambientes, resposta ás características de cada comunidade, das familias...).
- Crear unha estrutura horizontal de características das caixas (estética, contidos...).
- Facer unha proposta de recurso con proxección plurianual que pase a formar parte do noso ADN.
- Documentar a experiencia para que pase a formar parte do Plan de acollida do novo profesorado, alumnado de prácticas etc.
- Investigar en distintos ámbitos para que as caixas sexan obxectos artísticos en si mesmos, que potencien experiencias estéticas e emocionais, e asentar a súa fundamentación de xeito sólido e documentado.
- Deseñar caixas que aproveiten no seu potencial unha complicidade para o acompañamento lingüístico.
- Deseñar caixas aproveitando ao máximo o potencial do noso contorno (retos de facer entrevistas, buscar asociacións para coñecer o seu traballo, deseñar campañas...).
- Apostar polos procesos creativos e a potenciación das distintas linguaxes.
- Apostar pola implicación emocional como base das aprendizaxes.
- Introducir as TIC dun xeito contextualizado.





Ao profesorado:

- Ofrecer ferramentas para o deseño destas caixas (fundamentación, fontes de inspiración...).
- Buscar recursos en galego e portugués de diversa natureza (contos, xogos...).
- Presentan de xeito conxunto unha estrutura sólida de introdución e uso.
- Reflexionar sobre o impacto deste recurso e experiencias na mellora da situación lingüística detectada.
- Crear cultura de infancia inspirándonos na propia infancia (caixas de coleccións, tesouros, investigación como acción de descubrimento e construción).

Ao alumnado:

- Deseñar caixas acordes coas súas necesidades auténticas.
- Ofrecer a oportunidade de adquirir distintos coñecementos a través de experiencias estéticas emocionalmente significativas, utilizando o galego.
- Ofrecer a oportunidade de facer creacións propias individuais e colectivas con distintas linguaxes.



Aos ambientes de aprendizaxe e a dotación de ferramentas:

- Dotar os ambientes de aprendizaxe de recursos de calidade en galego, introducindo o portugués.

Ás familias:

- Deseñar e crear caixas con características propias para que as familias sexan invitadas a somerxerse en distintas investigacións e creacións.



Á formación do alumnado en prácticas e acompañantes e Plan de acollida:

- Introducir nas sesións de formación este recurso, focalizando a atención na adquisición de coñecementos e no ámbito lingüístico.
- Documentar esta experiencia como material formativo.
- Titorizar o deseño das caixas.

Á diversidade:

- Introducir no deseño transversalmente a accesibilidade.
- Deseñar caixas con temas específicos sobre diversidade.

Á perspectiva de xénero:

- Introducir no deseño transversalmente a perspectiva de xénero (linguaxe, referentes...).
- Deseñar caixas con temas específicos sobre distintas cuestións relacionadas: mulleres pioneiras...

Á dinamización lingüística:

- Facer un acompañamento lingüístico aproveitando a experiencia de investigación e creación que ofrecen estas caixas.
- Ligar o uso da lingua galega a experiencias estéticas e emocionalmente significativas e investir así na súa valoración.
- Ofrecer recursos ligados á tecnoloxía de xeito contextualizado (crear presentacións, analizar vídeos, buscar información, traducir...).

3.2 Propostas estratéxicas

A curto prazo



- Revisar as caixas creadas ata o de agora na fase experimental e facer as modificacións precisas tras o seu estudo.



- Diseñar unha estrutura sólida de introdución deste recurso tendo en conta todas as variables (características dos/das destinatarios/as...).
- Revisar recursos diseñados anteriormente como posible contido dentro dun proceso de investigación (contos...).
- Deseño de novos recursos.
- Montaxe e deseño de novas caixas seguindo as estruturas acordadas.
- Facer a fundamentación atendendo aos referentes que se teñen en conta no seu deseño. Na documentación que estamos elaborando sinalamos cuestións como as seguintes:
 - Inspiración nas caixas da Escola de Dels Encants (Barcelona).
 - Obras artísticas como as de Josep Cornell e Duchamp, distintas correntes artísticas como o surrealismo...



- Obras de Joaquín Torres García inspiradas en xoguetes infantís



- Libros-arte ou libro de artistas. Arte portátil.

- Experiencias vivenciais emocionalmente significativas, vinculación da aprendizaxe a experiencias agradables (neurociencia).



- Presentación de diversos temas e contos observados nas nosas visitas a Pistoia (Italia).
- Distintas linguaxes (Reggio Emilia. Italia).
- Teoría das pezas soltas. Minimundos (Simon Nicholson).
- Coleccionismo pedagógico.
- Obxectos imposibles (Carelman).
- Educación lenta (Joan Domenech).
- Procesos de vida, dar respostas ás necesidades auténticas a través dun deseño reflexionado (necesidades macro, micro e pasaportes culturais) (Wild).
- Poesía visual, xogar coas polisemias dos obxectos creando metáforas (Joan Brossa, Chema Madoz..).
- Teorías sobre a estética e os procesos creativos.

E outras que formarán parte da documentación que se está elaborando.

- Acordar os principios estéticos que queremos que teñan para que sexa unha experiencia significativa:
 - Caixas como experiencia estética. Estética como dereito da infancia (emocións estéticas).
 - É un obxecto artístico en si mesmo, e, polo tanto, ademais de adquirir coñecementos sobre un determinado tema, poténciase a sensibilidade, a creatividade, cuestións artísticas...
 - Coidar as imaxes intentando non caer en estereotipos, imaxes infantilizadas...
 - Poden ser fonte de inspiración de distintas obras de arte.
 - Deseño da caixa conectada co tema desta, coa creación de metáforas.
 - Coidar os materiais (madeira, tea...). Estes tamén falan e transmiten sensacións, información...
- Acordar as características do contido:



- Tema sobre o que se reflexionou moito.
- Acorde coas necesidades auténticas de cada etapa.
- Introducción significativa de TIC (QR, invitación a través de recomendación de ligazóns...).
- Temas transversais ou de tratamento específico:
 - Lingua galega, uso e valoración.
 - Perspectiva de xénero.
 - Diversidade.
 - Proxección social.
- Referentes artísticos para ilustrar diferentes temas.
- Citas, versos... para ilustrar distintos temas.
- Invitación a utilizar recursos máis alá dos que hai nas bibliotecas e que se inclúen na caixa: usar a Internet e bibliotecas, realizar entrevistas, contactar con asociacións, ir ao CIM, ir a oficinas de turismo...
- Na creación, potenciar a creatividade (entendida como a orquestración dos recursos dispoñibles para resolver unha situación).
- Uso de todos os recursos da escola: bibliotecas, editorial, ambientes...





COMUNIDADE DE PEQUENOS/AS (INFANTIL). TOCAR O MUNDO. TOCAR “O EU, O TI, E O NÓS”

- Presentación.
- Observación + manipulación.
- Investigación sensorial.
- Liberdade para repetir a acción de coller a caixa sempre que o desexen.
- Material non estruturado.
- Sen temporización.
- Formación espontánea de grupos.
- Pasaportes culturais: introdución ao coñecemento do “eu”, do “ti” e do “nós” e como participamos dunha cultura.
- Creacións acompañadas, non titorizadas.
- Lúdica.





COMUNIDADE DE MEDIANOS/AS (DE 1.º A 3.º). FUNCIONAMENTO DO “EU, DO TI E DO NÓS” E DO MUNDO

- Presentación.
- Observación consciente + Manipulación.
- Investigación sensorial.
- Liberdade para repetir a acción de coller a caixas sempre que o desexen.
- Material non estruturado.
- Inspiración en cuestións que se formulan os/as nenos/as sobre como funciona o mundo: por onde respiran as plantas? Por que flota un anaco de cortiza? Por que temos pelos no nariz?
- Sen temporización.



"CÓXEGAS"




- Pasaportes culturais (palabras significativas, textos breves...). Avanzar no coñecemento do "eu, do ti e do nós" e cuestionarse como funciona o mundo.
- Creacións acompañadas non titorizadas.
- Formación espontánea e natural de grupos.
- Lúdica.



COMUNIDADE DE MAIORES (DE 4.º A 6.º). FUNCIONAMENTO DO "EU, DO TI E DO NÓS" E DO MUNDO E TRANSFORMACIÓN DO MUNDO

- Presentación.
- Importancia de observar, indagar, experimentar...
- Temas con proxección social.
- Lúdica.
- Pasaportes culturais (textos máis elaborados...). Avanzar no coñecemento do "eu, do ti e do nós" e cuestionarse como funciona o mundo + proxección de transformación.
- Proceso de investigación e creación tutorizado.
- Temporización fixada.
- Formulación de proxecto.
- Formación de grupos fixos de investigación.
- Punto de partida: unha noticia, unha pregunta, un poema, un problema social detectado...
- A información que manexan deben saber explicala.
- Esbozo de planificación.
- Busca de información.
- Análise da información. Intercambio de ideas.





- Bosquexo da creación.
- Elaboración da creación en grupo (un conto, un cómic, unha presentación, unha maqueta, un díptico, unha reportaxe fotográfica, un libro de lapelas, unha colaxe, unha peza audiovisual, unha campaña publicitaria, material para a editorial...).
- Posibilidade, a maiores, de creación dunha iniciativa persoal individual.
- Presentación da creación no plano oral (panel de expertos/a, difusión a través da radio, da nosa editorial...).

- Acción de reflexión: os coñecementos adquiridos despois de traballar nesta caixa para que me poden servir? Poden servir para transformar algunha cuestión que necesita mellorar? (no plano social, cultural, ambiental...)? Sobre que cuestións che gustaría seguir afondando, que foi o que máis te sorprendeu?...
Reflexión lingüística.



- Acción de avaliación da propia caixa.





CAIXAS PARA INVESTIGAR EN FAMILIA

- Invitación a facer distintas investigación e creación cos fillos e fillas nas casas. As súas intervencións serán compartidas na escola. Exemplos de caixas: a partir do conto *A que sabe a Lúa?*; mulleres científicas con curiosidades de animais; de lugares do mundo de orixe dos pais; maternidades e paternidades no mundo da arte e no mundo animal.
- Invitación a reflexionar sobre distintos temas (coeducación...).









CAIXAS ELABORADAS COAS FAMILIAS

Aproveitando o potencial dos recursos humanos do contorno, as familias son convidadas a elaborar caixas sobre as súas profesións, contando co noso asesoramento. Actualmente unha familia está elaborando unha caixa de animais que traballan en comunidade.

A longo prazo

- **Mantemento e melloras.**
- **Revisión acorde coas estruturas propostas.**
- **Elaboración de documentación sobre a fundamentación, estrutura deste recurso e experiencias.**
- **Presentación de novas ideas que xa están xurdindo de xeito paralelo e que tamén observamos que poden enriquecer este acompañamento lingüístico.**
- **Caixas persoais: de tesouros en pequenos/as, de coleccións en medianos/as e de relatos da súa vida en maiores. De familias: de presentación para alumnado novo que chega á escola.**





- Caixas colectivas nos grupos de referencia:

-Pequenos/as: relatos con material non estruturado.

-Medianos/as: relatos con material non estruturado.

-Maiores/as: relatos guionizados.



4 Organización

Por trimestres:

PRIMEIRO:

Actividades de:

- Avaliación e modificacións das caixas deseñadas e a experiencia do seu uso nunha fase experimental.



- Investigación e documentación sobre referentes en distintos ámbitos que sexan fonte de inspiración e fundamentación.
- Reflexión sobre o potencial deste como recurso de acompañamento lingüístico.
- Investigación e reflexión sobre o deseño de recursos e experiencias significativas.
- Deseño dunha estrutura de introdución a través de acordos do equipo docente.
- Deseño con distintas temáticas para todas as comunidades e familias.
- Inicio como recurso dentro do Proxecto educativo de centro dentro dunha estrutura deseñada.
- Sesións de formación para alumnado en prácticas e acompañantes, para utilizalas como recurso de aprendizaxe e de reflexión lingüística.
- Busca de materiais de diversa natureza (TIC...) en galego e portugués para incluír no contido (material propio e traducións).

SEGUNDO:

Actividades de:

- Avance de maduración do deseño da estrutura.
- Avance no deseño e uso das caixas.
- Difusión.
- Sesións de formación para alumnado en prácticas e acompañantes, co obxecto de empregar este recurso de aprendizaxe e de reflexión lingüística.
- Posta en marcha das caixas destinadas a familias.
- Busca de materiais en galego e portugués para incluír no contido (material propio e traducións).

TERCEIRO

Actividades de:

- Avance de maduración do deseño da estrutura e avaliación.
- Avance no deseño e uso das caixas e avaliación.
- Sesións de formación para alumnado en prácticas e acompañantes nas que se utilizan as caixas como recurso de aprendizaxe e de reflexión lingüística.
- Avance das caixas destinadas a familias e avaliación.
- Rastreio e busca de materiais en galego e portugués para incluír no contido (material propio e traducións).
- Estudo de novas propostas que foron xurdindo e valoración da súa proxección plurianual.
- Documentación da experiencia.

Obxectivos:

Todos os obxectivos das actividades se

relacionan directa ou indirectamente cos expostos no apartado dedicado a elas. En síntese, van encamiñados a :

- Crear unha estrutura sólida de introdución e uso no Proxecto educativo.
- Deseñar caixas acordes ás necesidades detectadas (de coñecementos, lingüísticas...).
- Aproveitar o seu potencial a través de experiencias estéticas emocionalmente significativas para un acompañamento lingüístico de uso e valoración do galego.





- Diseñar propostas de implicación de toda a comunidade educativa.

Xestión:

Como xa dixemos, o noso é unha proposta que implica a toda a comunidade. Cada mestra ou mestre deseñará caixas dende o seu rol (titor/a, xestión de ambientes, especialidades, equipos...). Os equipos de dinamización levamos varios anos traballando como un único equipo, Equipo de Innovación. Isto implica que todos/as colaboramos dende o noso ámbito en todas as dinámicas da escola. O uso e valoración da lingua galega é unha cuestión transversal.

Tal e como se observa nas fotografías, contamos con caixas xa deseñadas (sobre alimentación, contos, mitoloxía, monumentos, emocións, curiosidades de animais...) que se están introducindo na estrutura que



estamos perfilando e outras están actualmente no forno e que a medida que se elaboren serán presentadas en cada comunidade (sobre Sálvora, mulleres pioneiras, música tradicional, poesía visual, cine...) ou enviadas ás familias (por exemplo unha sobre cociña con libros, QR a páxinas...).



Na documentación que estamos elaborando descríbense todas a caixas con testemuños gráficos do contido e uso (para novo profesorado, en prácticas...).



5 Implicación da comunidade educativa

- Todo o claustro, alumnado, persoal non docente e familias
- ANPA.
- Equipo de Innovación.
- Alumnado de prácticas.
- Persoas da contorna coas que se colabora.

6 Colaboracións

Salienta a UAD que elaborou caixas de madeira. Súmanse outras institucións onde recollemos información, a onde acudimos para as creacións, como por exemplo o CIM, que nos forneceu información sobre a muller, o Concello ao que lle pedimos datos, persoas entrevistadas...

Os comercios e empresas, a través do noso proxecto “Escola Aberta” colaboran con distintos materiais que reutilizamos para facer as caixas: tea, madeira...

7 Difusión

- Inauguración dunha EDITORIAL como espazo de comunicación para crear, editar e difundir distintas creacións a través de producións escritas, audiovisuais e da radio.
- Documentación sobre as caixas.
- Galerías trimestrais (compartidas con familias).
- Adhesivos e carteis.
- Blog da Biblioteca e da Editorial.
- Visitas.
- Reunións de familias.
- Sesións de formación co alumnado de prácticas.



8 Orzamento

- Edición de material (adhesivos...): 200 euros.
- Mobiliario para presentar as caixas: 200 euros.
- Tabletas: 300 euros.
- Material funxible (pinturas...): 500 euros.
- Caixas e contido (contos, cedés de música, xogos...): 800 euros.

9 Plan de avaliación

• Proxecto educativo:

- Introducción dun recurso con potencial estético, emocional e lingüístico dentro dunha estrutura deseñada.

• Centro:

- Elementos que interveñen nos procesos de ensino aprendizaxe (organizativos...): cambios metodolóxicos introducidos a partir deste proxecto (ambientación, deseño de materiais...).
- Utilización dos recursos dispoñibles.
- Documentación sobre este recurso para introduci-lo no Plan de acollida de novo profesorado.
- Novas propostas que xurdan.

• Implicación da comunidade educativa no deseño e no uso:

- Participación e implicación de todos os axentes.
- Profesorado: deseño de recursos, acompañamento lingüístico.
- Das familias: implicación nas propostas das caixas que viaxan ás casas, de presentación, deseño...
- Do alumnado: implicación no uso e valoración, investigacións, creacións...
- Doutras axentes educativos: colaboracións...
- Satisfacción dos procesos e resultados.

• Externo dos centros



- De difusión.
- Grao de satisfacción das institucións colaboradoras.
- Alumnado en prácticas.
- **Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua na comunidade educativa. Incremento:**
 - Do uso e valoración da lingua galega.
 - Da sensibilización cara á lingua, a diversidade e a perspectiva de xénero.
 - Da actitude positiva cara a escoitar música, poemas... en portugués.
 - Efectividade de conectar accións de investigación e creación como experiencias estéticas e emocionais ao uso e valoración do galego.
 - Cantidade e calidade de recursos deseñados e impacto.

O proceso de avaliación abranguerá: recollida de información segundo os obxectivos marcados, análise da información e toma de decisións e reformulación cara á continuidade nun futuro.

10 Profesorado participante

Participa todo o claustro pero a convocatoria só permite incluír a 10 persoas.

Nome	Cargo	Funcións
Uxía A. A.	Apoio de EI Coordinadora do EDLG, do Equipo de Innovación e da comunidade de pequenos/as	Coordinadora do proxecto Apoio e supervisión Deseño de materiais de difusión Coord. de formación de alumnado en prácticas (1) (2)
Eva M. ^a P. R.	Directora. Apoio en EP e EI Mestra de inglés	Establecemento de relacións coas institucións da contorna (1)



	Equipo de innovación (Biblioteca)	(2)
M. ^a Teresa T. G.	Mestra de relixión Equipo de innovación (TIC)	(1)
Catuxa M. P.	Titira de EP Mestra de Música Equipo de innovación (Biblioteca)	(1)
Vanesa S. B.	Titira de E I Coordinadora Equipo TIC Secretaria	Establecemento de relacións coas institucións da contorna (1) (2)
Sigrid F. A.	Xefa de estudos Orientadora Coordinadora da comunidade de maiores e da Escola de Familias Equipo de Innovación (TIC)	Difusión a través da Escola de Familias (1) (2)
María G. N.	Titira de EI Equipo de innovación (TIC)	(1)
Manuela R. S.	Titira de EP Equipo de Innovación (Biblioteca)	(1)
José Luís C. P.	Mestre de PT Coordinador de Extraescolares e da comunidade de medianos/as Equipo de Innovación	(1) (2)
Diana R. T.	Titira de EI Equipo de Innovación (EDLG)	(1)

(1) Deseño e creación de caixas

(2) Deseño da estrutura de introdución

11 Alumnado participante

Todo o alumnado: 207